

## **Declaración institucional do 8 de Marzo, Día Internacional polos dereitos das Mulleres**

O 8 de marzo foi proclamado o Día Internacional polos Dereitos das Mulleres pola Organización das Nacións Unidas no ano 1975. Desde ese momento é unha data de poñer en valor os avances que se conseguiron nos últimos cen anos mais tamén de reivindicación polo que queda por conseguir.

Ao longo da historia os nosos dereitos avanzaron grazas ao inconformismo e á convicción de milleiros de mulleres e de asociacións que contribuíron e contribúen a facer do feminismo un movemento cada vez máis hexemónico e que defenderon e defenden, co seu esforzo e mesmo coas súas vidas, a conquista de novos dereitos.

Atendendo ao contexto actual non podemos deixar de denunciar a violencia sexual e de xénero que sofren as mulleres nos contextos de guerra, tanto nos territorios de conflito como para as mulleres refuxiadas e desprazadas.

Sabemos que o mundo vive un momento de profundas transformacións sociais e económicas e que historicamente cada crise foi aproveitada polo patriarcado para se fortalecer. Hoxe en día, malia os avances que temos conquistado, estamos a ver como os dereitos tamén se poden perder. É preciso seguir impulsado medidas encamiñadas a garantir o cumprimento dos dereitos e obrigas recoñecidos a día de hoxe na lexislación vixente; impulsar novas políticas e seguir a traballar de maneira transversal en todos os ámbitos para conquistar novos dereitos e impedir calquera retroceso nos xa recoñecidos.

Dende a Deputación Provincial de A Coruña manifestamos o noso firme compromiso coa protección dos dereitos das mulleres e das nenas, a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes, así como coas políticas públicas que resolvan as desigualdades materiais, simbólicas e de valor as que se enfrontan as mulleres.

Nesta liña, a Deputación da Coruña poñerá en marcha no mes de marzo unha campaña en que poidamos falar do conseguido, mais tamén de todo o camiño que aínda nos queda por andar. As accións que se están a organizar vanse centrar, por un lado nas discriminacións que sofremos as mulleres polo simple feito de selo e co lema é por ser muller e por outro, reivindicando o conseguido desde a Revolución Industrial coa frase Pan e Rosas, utilizado nunha folga de traballadoras en 1912. Outra das accións vaise desenvolver no marco do concurso de viñetas dirixido a escolares e, finalmente a celebración de sete obradoiros que chegarán a outros tantos concellos da provincia denominados pensamento e acción. Feminismos, dereitos laborais e precarización da vida.

Desde o ámbito local debemos seguir co compromiso de construír unha sociedade igualitaria, que garanta os dereitos de todas as persoas, así como a participación activa na vida local. Estes compromisos deben reflectirse no deseño e a xestión dunhas políticas locais que sexan un motor de transformación.

Por todo isto, propoñemos

1. A Deputación da Coruña mostra o seu apoio ás distintas mobilizacións convocadas polo feminismo galego o 8 de marzo en defensa dos dereitos das mulleres e o seu compromiso por promover a igualdade real entre mulleres e homes.
- 2.- Intensificar os esforzos no desenvolvemento de políticas encamiñadas a fomentar a incorporación das mulleres ao mercado laboral, a través do emprego de calidade, o empoderamento e a educación para a igualdade de oportunidades.
- 3.- Incorporar a perspectiva de xénero en toda a actividade da institución provincial e en seguir colaborando coas entidades locais da provincia no desenvolvemento de políticas públicas de igualdade e de loita contra a violencia machista.
- 4.- Impulsar a perspectiva de xénero na análise de datos estatísticos da Deputación da Coruña en fichas, formularios, bases de datos, programas informáticos ou calquera outra documentación xerada en que sexa legalmente posíbel.
- 5.- Contribuír ao fortalecemento dos recursos existentes para a prevención e intervención nos casos de violencia machista